

En virtude do mandato establecido polo Estatuto de Autonomía de Galicia, onde se atribui competencia exclusiva á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de arquivos de interese para a Comunidade Autónoma, e sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.28 da Constitución, procede, de acordo co apartado E do anexo I do Real Decreto 2434/1982, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, ditar a pertinente reglamentación sobre o patrimonio documental e o sistema de arquivos de Galicia.

Considerando que o Decreto 414/1986, polo que se regula o sistema público de arquivos da Comunidade Autónoma galega non contempla, en toda a súa dimensión, a densa problemática actualmente xurdida no desenvolvemento das distintas redes arquivísticas e, moi particularmente, no ámbito da producción e circulación de documentos das diferentes Administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e considerando asimismo que o patrimonio documental de Galicia, como patrimonio cultural no seu conxunto, non está debidamente contemplado no citado decreto, é pertinente establecer unha nova regulamentación que dea ao patrimonio documental e os arquivos de Galicia o tratamento que a situación actual demanda.

Corresponde, pois, a este decreto definir o carácter e o contido do patrimonio documental de Galicia, e igualmente, a noción de arquivo nos seus termos científicos, xurídicos e administrativos e delimitar os conceitos de sistema e de rede, para unha correcta organización e comprensión dos arquivos e da función social e cultural que están chamados a cumplir na Galicia actual.

O sistema de arquivos así deseñado, entendido como un conxunto de servizos, órgaos e centros, pretende a organización e protección global dos fondos documentais das distintas redes arquivísticas.

Iso implica, conseguintemente, regulamentar a circulación dos documentos, así como as transferencias e a selección dos mesmos, coa valoración e posterior destrucción daqueles que non están chamados á conservación permanente; para garantir, en definitiva, a sua conservación como proba das actividades das propias Administracións, testemuños dos dereitos e deberes dos cidadáns e memoria histórica da nosa comunidade. Conforme ao exposto, o presente decreto ten como finalidade o seguinte:

- A protección, conservación e difusión do patrimonio documental de Galicia, tanto en mans públicas como privadas.
- A articulación dun sistema galego de arquivos que organice e regule o ciclo vital dos documentos nas distintas Administracións públicas de Galicia, de acordo cos medios e recursos materiais, persoais e administrativos mais adecuados para tal fin, e que integre funcionalmente as diferentes redes arquivísticas no propio sistema.
- A definición e regulamentación das redes de arquivos públicos e privados.

Por todo iso, por proposta do Conselleiro de Cultura e Deportes, previa deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na sua sesión do dia veintitrés de novembro de mil novecentos oitenta e nove, dispoño:

CAPÍTULO I
DISPOSICIONES XERAIS

Artigo 1.

1. Aos efectos do presente decreto, enténdese por documento toda expresión en linguaxe oral ou escrita, natural ou codificada, recollida en calquera tipo de suporte material, e calquer expresión gráfica que constitúa testemuño de funcións e actividades sociais dos homes e dos grupos humanos, excluídas as obras decripción e de investigación editadas, así como aquellas que pola súa índole, forman parte do patrimonio bibliográfico.
2. O patrimonio documental galego que forma parte do patrimonio documental español, está constituído por todos os documentos e coleccións de documentos reunidos ou non en arquivos, de calquer época, e producidos polas persoas ou institucións da Comunidade Autónoma de Galicia e as institucións radicadas en Galicia.

3. Forman parte do Patrimonio Documental Galego os documentos a que se refire o artigo 8 do presente decreto.

Artigo 2.

1. Enténdese por arquivo o conxunto orgánico de documentos, ou a xuntanza de varios deles, producidos e acumulados polas persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, no exercicio das súas funcións e actividades, e conservados como testemuño e garantía dos dereitos e deberes da Administración e dos cidadáns, como fonte de información xeral para a xestión administrativa e para todo tipo de investigación. Igualmente, enténdese por arquivo a institución onde se reúnen, custodian e comunican ditos conxuntos orgánicos, por medio de técnicas que lle son propias, para o cumprimento dos fins anteriormente citados.
2. Enténdese por colección documental o conxunto non orgánico de documentos reunidos artificialmente en función de criterios subxectivos ou de conservación.

Artigo 3.

1. A Consellería de Cultura e Deportes é o órgao da Xunta de Galicia encarregado de exercer as competencias que, no ámbito do patrimonio documental e dos arquivos de interese para a Comunidade Autónoma, se reconócen a ésta no Estatuto de Autonomía de Galicia.
2. A Consellería de Cultura e Deportes velará pola protección e conservación do patrimonio documental de Galicia, en aplicación de dita competencia e de acordo coa lexislación aplicábel.
3. A Consellería de Cultura e Deportes procurará dotar aos arquivos do territorio de Galicia, ben mediante a adquisición dos orixinais ou ben por calquera sistema de reproducción gráfica, daqueles documentos, coleccións e arquivos que se atopen depositados fóra da Comunidade Autónoma de Galicia e sexan de interese da mesma.

CAPÍTULO II DOS ARQUIVOS PÚBLICOS E PRIVADOS

Sección 1ª Arquivos públicos

Artigo 4.

Son arquivos públicos os conxuntos orgánicos de documentos producidos e acumulados no exercicio das súas funcións polos órgaos institucionais propios da Comunidade Autónoma e das entidades locais do seu territorio; por calquer institución, organismo autónomo ou empresa pública que dependa de aqueles; polas persoas físicas ou xurídicas xestoras de servizos públicos, no relacionado coa xestión de ditos servizos, e calquer outra persoa física ou xurídica suxeita a derecho público.

E importante ter en conta a **regulación do acceso aos datos catastrais** introducida pola Disposición adicional segunda da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas administrativas, fiscais e da orde social (BOE nº 313, do 31 de decembro).

Un. Todos poderán acceder á información dos inmóveis da súa titularidade e á información de dados non protexidos contidos no Catastro.

Teñen a consideración de dados protexidos o nome, apelidos, razón social, código de identificación e domicilio de quen figuren inscritos no Catastro como titulares ou suxeitos pasivos do Imposto sobre Bens Inmóveis, así como o valor catastral e os valores do chan e, no seu caso, da construcción, dos bens inmóveis individualizados.

Dous. Poderán acceder á información catastral protexida, sen necesidade de consentimento do afectado:

- a) Os órgaos da Administración Xeral do Estado e das demáis Administracións públicas territoriais, a Axencia Estatal da Administración Tributaria e as Entidades Xestoras e Servizos Comúns da Seguridade Social, coas limitacións derivadas dos principios de competencia, idoneidade e proporcionalidade.
- b) As comisións parlamentares de investigación, o Defensor do povo e o Tribunal de Contas, así como as institucións autonómicas con funcións análogas.
- c) Os Xuices e Tribunais e o Ministerio Fiscal.
- d) Os organismos, corporacións e entidades públicas, para o exercicio das súas funcións públicas, a través da Administración de quen dependan e sempre que concorran as condicións exixidas no apartado a).

Tres. Fóra dos casos anteriores, o acceso aos datos catastrais protexidos só poderá realizarse mediante o consentimento expreso, específico e por escrito do afectado, ou cando unha lei exclúa dito consentimento ou a información sexa recabada en algúns dos supostos de interese lexítimo e directo seguintes:

- a) Para a execución de proxectos de investigación de carácter histórico, científico ou cultural auspiciados por Universidades ou centros de investigación, sempre que se califiquen como relevantes polo Ministerio de Facenda.
 - b) Para o cumprimento e execución do establecido na Lei 13/1996, de 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social, sobre a referencia catastral, con excepción do valor catastral de cada un dos inmóbiles, polos notarios e rexistadores da propriedade.
 - c) Para a identificación das parcelas colindantes, con excepción do valor catastral de cada un dos inmóbiles, por quem figuren no Catastro como titulares ou suxeitos pasivos do Imposto sobre Bens Inmóbiles.
 - d) Polos titulares ou cotitulares de direitos de transcendencia real ou de arrendamento ou aparcería que recaian sobre os bens inmóbiles inscritos no Catastro, respecto aos ditos inmóbiles.
- Polos herdeiros e sucesores respecto dos bens inmóbiles do causante ou transmitinte que figure inscrito no Catastro.

Artigo 5.

1. As institucións e entidades públicas mencionadas no artigo anterior teñen a obriga de custodiar debidamente os documentos dos arquivos públicos, así como de sistematizar e cumplir o plano de transferencias, selección, organización, descripción e servizo dos documentos, pónndoos á disposición da Administración e dos cidadáns, de acordo co presente decreto, as disposicións que o desenvolven e a lexislación aplicábel en cada caso.
Igualmente, teñen a obriga de non allealos e non tiralos das correspondentes secretarías públicas, con excepción dos casos legalmente previstos, debéndose gardar copia dos mesmos, sempre que sexa posible, até que finalice a súa utilización externa.
A saída de documentos dos arquivos públicos deberá ser comunicada á Consellería de Cultura e Deportes, como administración competente en materia de patrimonio documental e arquivos.
2. Aos efectos do presente decreto, enténdese que:
 - 1) Transferencia é a remisión de documentos desde un tipo de arquivo a outro, con unha determinada periodicidade e cumplidos os pertinentes prazos.
 - 2) Selección é a determinación de que documentos son susceptíbeis de seren conservados definitivamente, en función do seu valor legal ou histórico, tras o cumprimento do prazo de validez administrativa.
 - 3) Organización é o conxunto de operacións que inclúen a clasificación, orgánica ou funcional, dos fondos, a ordenación en sentido estrito dos documentos e series documentais e a ubicación dos mesmos nas unidades de instalación correspondientes.
 - 4) Descripción é a identificación dos caracteres dos documentos e a localización física e intelectual dos mesmos dentro do arquivo.
 - 5) Servizo é o conxunto de actividades que ten por finalidade pór á disposición dos usuarios os documentos e a información neles contida, incluíndo a comunicación e difusión dos mesmos.

Artigo 6.

A disolución ou supresión de calquera das entidades, institucións, órgaos ou empresas incluídas no artigo 4 comportará a transferencia da súa documentación ao arquivo integrado no sistema de arquivos de Galicia que a Consellería de Cultura e Deportes determine, salvo que a norma ou a acta de disolución sinale outro dos que integran o citado sistema.

Sección 2ª Arquivos privados

Artigo 7.

Son privados, aos efectos do presente decreto, os arquivos e documentos pertencentes ás persoas físicas ou xurídicas suxeitas a dereito privado, non comprendidas no artigo 4, que exerzan as súas actividades en Galicia e se atopen dentro do seu ámbito territorial.

Artigo 8.

Forman parte do patrimonio documental galego e terán a consideración de históricos todos os documentos privados mencionados no artigo anterior que cumpran algunha das seguintes condicións:

- a) Os documentos con unha antigüedad superior aos corenta anos, producidos no exercicio das suas actividades polas entidades e asociacións de carácter político, sindical ou relixioso e polas entidades, fundacións e asociacións culturais e educativas de carácter privado.
- b) A documentación con unha antigüedad superior aos cen anos, producida ou acumulada por caisquer outras entidades particulares ou persoas físicas.
- c) Calquer outro documento que a Comunidade Autónoma de Galicia declare constitutivo de dito patrimonio, previa tramitación do oportuno expediente.

Artigo 9.

- 1. Son arquivos privados de carácter histórico os que se atopen en poder das persoas físicas ou xurídicas sinaladas no artigo 7 e que conteñan preferentemente os documentos históricos contemplados no artigo anterior.
- 2. Tamén terán o carácter histórico os documentos ou arquivos que, sen atinxir as características sinaladas na alínea 1 deste artigo merezan a mencionada consideración pola súa especial relevancia ou interese para Galicia, previa a tramitación do oportuno expediente.

Artigo 10.

Nos casos previstos nos artigos 8 alínea c e alínea 2, a Consellería de Cultura e Deportes incoará e resolverá de ofício, ou a instancia de parte, o expediente para a declaración de documento ou arquivo de carácter histórico, na forma en que se determine. No expediente deberá constar informe favorábel da comisión técnica de arquivos. O documento ou arquivo que se atope en fase de tramitación para ser declarado histórico mediante esta fórmula, ficará suxeito á aplicación provisional do rexime establecido para os bens que integran o patrimonio documental galego.

Artigo 11.

- 1. Os propietarios e posuidores de documentos e arquivos privados declarados históricos polo presente decreto, ou por resolución ditada de acordo con el, ficarán obrigados ao previsto no artigo 52 da Lei 16/1985, do patrimonio histórico español.
- 2. Os propietarios ou posuidores de documentos ou arquivos declarados históricos poderán depositalos en calquier arquivo integrado no sistema público de arquivos de Galicia, podendo recuperalos comunicando a súa intención con antelación suficiente perante a Consellería de Cultura e Deportes, e de acordo co pactado ao constituirse o depósito.

Artigo 12.

A Consellería de Cultura e Deportes poderá contribuir, coa limitación dos créditos que anualmente estableza nos seus presupostos, á que os propietarios de documentos ou arquivos declarados históricos, en virtude das disposicións sinaladas neste decreto, podan cumplir as obrigas sinaladas no artigo 11.1.

Artigo 13.

As persoas e empresas dedicadas ao comercio de documentos e arquivos de carácter histórico deberán levar un libro de rexisto das transaccións de bens do patrimonio móbel e documental, previamente dilixenciado pola Administración competente. Ditos libros deberán permanecer à disposición da Dirección Xeral de Patrimonio Histórico e Documental para a sua supervisión polos servizos técnicos de arquivos da mesma.

Artigo 14.

A exportación de documentos e arquivos históricos e dereitos de exposición, tanteo e retracto rexeranse, de acordo co disposto no artigo 149.1.28 da Constitución, polas disposicións correspondentes do Estado e por as normas establecidas pola Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo con aquelas.

Artigo 15.

Os arquivos de titularidade eclesiástica considerados históricos rexeranse dacordo coa súa regulamentación interna, e ficarán suxeitos ao rexime establecido no presente decreto e de conformidade

co previsto no acordo marco entre a Xunta de Galicia e os bispos das diócese que comprenden o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, e o seu correspondente convenio de colaboración, de 17 de abril de 1985, así como co establecido no acordo marco Santa Sede-Estado español, de 3 de xaneiro de 1979, sobre ensino e asuntos culturais.

CAPÍTULO III
DO SISTEMA DE ARQUIVOS DE GALICIA

Artigo 16.

1. O sistema de arquivos de Galicia configúrase como un conxunto de órgaos, centros e servizos encarregados da protección e custodia dos arquivos e dos documentos obxecto do presente decreto, organizados de acordo co mesmo e coas normas que o desenvolvan.
2. A Consellería de Cultura e Deportes, como órgao competente da Xunta de Galicia en materia de patrimonio documental e arquivos, constitúe o órgao coordinador do sistema de arquivos de Galicia.Como tal establecerá as pertinentes directrices técnicas que garantan a organización e funcionamento de dito sistema.
3. A Consellería de Cultura e Deportes, en virtude do disposto na alínea anterior, fornecerá, a través da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental e dos seus servizos técnicos, asistencia e asesoramento aos arquivos e redes de arquivos do sistema, colaborando con estes mediante os recursos humanos e materiais dos que dispóna.
4. A Comisión técnica de arquivos é o órgao asesor e consultivo en materia de arquivos.
5. 1. O sistema de arquivos de Galicia estará integrado polos seguintes centros e redes de centros:
 - a) O arquivo xeral da Administración de Galicia, na súa condición de arquivo intermedio da Xunta de Galicia, e das institucións da Comunidade Autónoma de Galicia que se determinen en posteriores disposicións.
 - b) O arquivo do Parlamento de Galicia.
 - c) A rede de arquivos centrais de cada unha das Consellerías en que se organiza a Xunta de Galicia, así como das suas delegacións territoriais.
 - d) O arquivo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e a rede de arquivos xudiciais.
 - e) A rede de arquivos históricos de Galicia.
 - f) A rede de arquivos das deputacións provinciais.
 - g) A rede de arquivos municipais.
 - h) A rede de arquivos universitarios de Galicia.
 - i) Calquer outro arquivo de titularidade pública, segundo se define no artigo 4 do presente decreto, así como os que a Xunta de Galicia poda criar, cando as necesidades do sistema o aconsellen.
5. 2. Estes arquivos estarán constituídos polos fondos documentais da institución ou entidade titular e dos seus órgaos dependentes así como as de outras corporacións, entidades ou persoas públicas ou privadas.
- 5.3. Asemade, formarán parte do sistema de arquivos de Galicia aqueles arquivos que, sendo de titularidade privada, sexan considerados de uso público por receber dos poderes públicos subvencións ou axudas en cuantía igual ou superior ao 25 por cento do seu orzamento ordinario.
- 5.4. Os arquivos de titularidade privada, por iniciativa dos seus titulares e previa autorización da Consellería de Cultura e Deportes, con informe favorábel da comisión técnica de arquivos, poderanse integrar no sistema de arquivos de Galicia, cos mesmos dereitos e obrigas que para os centros que forman parte do mesmo sinala a lexislación aplicábel.
- 5.5. Estarán integrados no sistema de arquivos de Galicia os seguintes servizos:
 - Dentro do Instituto de Conservación e Restauración de Galicia, o seu Departamento de Conservación Documental.
 - O centro de Información de Arquivos de Galicia, segundo se contempla no artigo 19.
 - O centro de Microfilme e Reprografía, segundo se contempla no artigo 20.

Artigo 17.

A Consellería de Cultura e Deportes, a través da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental e das súas Unidades e Servizos Técnicos, coordenará en cooperación coas institucións titulares, os distintos centros e redes que integran o sistema de arquivos de Galicia, así como a sistematización do plano de transferencias, selección, organización, descripción e servizo dos seus documentos, de acordo coas normas técnicas que se establezan.

Artigo 18.

1. A comisión técnica de arquivos é o órgao asesor e consultivo en materia de arquivos e patrimonio documental, e estará adscrita á Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Consellería de Cultura e Deportes. Mediante Orde do mesmo, se regulará o seu funcionamento e composición, na cal terán representación orgánica as distintas redes arquivísticas integradas no sistema público de arquivos de Galicia.
2. Son funcións da comisión técnica de arquivos:
 - a) Informar preceptivamente os expedientes de declaración de documentos ou arquivo histórico, de acordo co sinalado nos artigos 9º e 10 deste decreto.
 - b) Avaliar as propostas e proxectos de creación, reestructuración e disolución dos arquivos pertencentes ao sistema de arquivos de Galicia, así como as propostas de integración de outros arquivos no mesmo.
 - c) Asesorar sobre as cuestións relativas ao ciclo vital dos documentos dos arquivos que integran o sistema de arquivos de Galicia e sobre a selección de documentos que sexan susceptíbeis de eliminación ou conservación, acordo co disposto neste decreto, normas que o complementen e a lexislación aplicábel.
 - d) Confercer das adquisicións, legados, doazóns ou depósitos de documentos nos mencionados arquivos. No caso de que se trate de adquisicións, legados, doazóns ou depósitos de documentos ou fondos de arquivos a favor da Xunta de Galicia, asesorar sobre o destino de ditos fondos.
 - e) Confercer para o desenvolvemento da súa función asesora os programas de actuación dos arquivos do sistema.
 - f) Confercer os planos e programas anuais da Consellería de Cultura e Deportes con relación ao patrimonio documental e aos arquivos de Galicia e do propio sistema, así como as partidas presupuestarias consignadas ao efecto nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - g) Informar sobre os temas relacionados co sistema de arquivos de Galicia que o presidente someta a consulta da comisión.

Artigo 19.

Créase, como unidade administrativa adscrita á Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental, o Centro de Información de Arquivos de Galicia, sendo as suas funcións as seguintes:

- a) A confección e actualización do censo de arquivos e documentos de Galicia, que terá como finalidade primeira a creación dunha base de datos permanente sobre o sistema de arquivos de Galicia.
- b) A confección e actualización dunha base de datos bibliográficos sobre os arquivos e documentos integrados no sistema de arquivos de Galicia.
- c) A edición de publicacións relacionadas coa materia.
- d) O establecemento de planos de edición de instrumentos de descripción así como de fondos documentais conservados nos arquivos integrados no sistema, sen prexuízo da colaboración exixible ás entidades, corporacións e institucións de carácter público e ás persoas privadas.
- e) A información en materia de arquivos e patrimonio documental á Administración e aos cidadáns e todas as demáis funcións que se lle podan atribuir.

Artigo 20.

Créase como unidade administrativa, adscrita á Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental, o Centro de Microfilme e Reprografía, que terá as funcións seguintes:

- a) Asesoramento nos programas de microfilme e reprografía do patrimonio documental de Galicia, en todo o relacionado coas técnicas de microfilme e reprografía aplicadas con fins arquivísticos.
- b) Crear, conservar e manter un arquivo de seguranza, mediante a obtención de copias por calquier procedimento reprográfico de documentos que formen parte do patrimonio documental de Galicia e se atopen custodiados fóra dela.
- c) Facilitar cantas copias sexan necesarias para os fins de preservación, difusión ou complemento de outros arquivos de Galicia.
- d) Programar e desenvolver unha política de edicións, en calquera medio reprográfico, do patrimonio documental de Galicia.
- e) Coordenar os traballos dos laboratorios fotográficos dos arquivos integrados no sistema así como ditar as normas técnicas polas que haberán de se rexer ditos laboratorios.
- f) Formar técnicos que podan cumplir as fins sinaladas neste artigo.

Artigo 21.

1. O arquivo xeral da Administración de Galicia, na súa condición de arquivo intermedio da Xunta de Galicia e dos organismos da Comunidade Autónoma de Galicia que se determinen en posteriores disposicións, se criará mediante a oportuna disposición legal na que se recollerán as funcións, competencias, ubicación e medios persoais e materiais.
2. Aos efectos do presente decreto, enténdese por arquivo intermedio o arquivo de carácter público que ten como funcións fundamentais as seguintes:
 - a) Recoller a documentación depositada nos arquivos centrais das Administracións públicas, unha vez que ésta atinxise unha determinada antigüedad.
 - b) Seleccionar os documentos susceptíbeis de seren conservados definitivamente, en función do seu valor administrativo, legal ou histórico, tras o cumprimento do prazo de validez administrativa.
 - c) Trasferir os documentos así seleccionados a un arquivo histórico, para a súa conservación definitiva con fins de estudo e investigación.

Artigo 22.

No caso de que os titulares dos arquivos integrados no sistema de arquivos de Galicia ao que se refere o artigo 16 non manteñan a documentación debidamente organizada e descrita de acordo coas normas que legalmente se establezan e guardada en locais que cumpran as condicións adecuadas para asegurar a sua conservación e acceso, a Consellería de Cultura e Deportes poderá ordenar o seu depósito temporal noutro dos arquivos do sistema, até que o seu titular asegure as mencionadas condicións.

Artigo 23.

1. A Consellería de Cultura e Deportes procederá á confección dun censo dos arquivos integrados no sistema de arquivos de Galicia e dos seus fondos documentais, que se actualizará periodicamente. Nel incluirase unha estimación cuantitativa e cualitativa dos mesmos, así como dados sobre as características dos locais onde se garden os documentos, servizos que posúen, estado de conservación, e condicións de segurana.
2. Todas as autoridades, funcionarios públicos e persoas públicas e privadas que sexan propietarios, posuidores ou custodien documentos e arquivos integrantes do sistema de arquivos de Galicia están obrigadas a cooperar coa Consellería de Cultura e Deportes e os seus servizos técnicos de arquivos na confección do referido censo, así como a comunicar as alteracións que se podan producir, aos efectos da sua actualización.

Artigo 24.

A Consellería de Cultura e Deportes velará para que os proprietarios, posuidores e custodios de documentos e arquivos que formen parte do sistema de arquivos de Galicia respondan das obrigas que, segundo os casos, lles correspondan. A Consellería de Cultura e Deportes poderá contribuir ao cumprimento de ditas obrigas mediante a concesión de axudas, subvencións ou outras medidas de fomento.

Artigo 25.

1. Os documentos das institucións, entidades e órgaos mencionados no artigo 4 do presente decreto serán obxecto da pertinente selección para, unha vez finalizado o prazo de vixencia administrativa, determinar a sua eliminación ou, polo contrario, a súa conservación definitiva nun arquivo de acordo cos seus valores históricos, xurídicos e legais.
2. A Xunta de Galicia establecerá a normativa na que se determinen os criterios técnicos que rexerán para a selección de documentos establecida neste artigo, ouvido o informe da Comisión Técnica de Arquivos e en coordenación co organismo que para tal fin establece a lexislación estatal.
3. Baixo ningún conceito se poderán destruir ditos documentos en tanto subsista o seu valor probatorio de dereitos e obrigas das persoas e dos entes públicos.

Artigo 26.

1. Os arquivos centrais das diferentes institucións da Comunidade Autónoma de Galicia receberán, con periodicidade anual, transferencias de documentación das distintas secretarías produtoras de documentos.
2. A documentación custodiada nos arquivos centrais de cada unha das Consellerías que componen a Xunta de Galicia e dos órgaos dela dependentes, que cumpran os prazos que se establezan, se trasferirá ao arquivo xeral da Administración de Galicia.
3. O arquivo xeral da Administración de Galicia deberá remitir, coa periodicidade que se determine, a documentación que receba o centro que cumpra as funcións de arquivo histórico de Galicia.
4. Os servizos territoriais das institucións da Comunidade Autónoma de Galicia contemplados no artigo 21.1 deberán remitir a sua documentación, coa periodicidade que se determine, aos centros de arquivo que cumplan as funcións de arquivos intermedios e históricos no seu ámbito.

Artigo 27.

A Consellería de Cultura e Deportes garantirá a coordinación e troco de información entre os distintos centros e redes do sistema así como cos sistemas de arquivos do Estado e de outras Comunidades Autónomas.

CAPÍTULO IV **DOS MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS**

Artigo 28.

1. Todos os arquivos integrados no sistema de arquivos de Galicia deberán contar con persoal técnico especializado, co nível que exixan as diversas funcións, acordo co que se estableza nas disposicións que desenvolvan este decreto.
2. A Consellería de Cultura e Deportes atenderá á continua preparación dos arqueiros en exercicio.
3. As institucións das que dependan os arquivos integrados no sistema de arquivos de Galicia deberán remitir, á Consellería de Cultura e Deportes, as bases que rexerán o proceso de selección do persoal técnico destinado nos mesmos, para a súa pertinente aprobación. Na comisión encarregada de resolver dita selección figurará necesariamente un técnico na materia nomeado pola Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental de dita Consellería.

Artigo 29.

1. As persoas públicas e privadas titulares de arquivos integrados no sistema de arquivos de Galicia deberán consignar nos seus presupostos ordinarios as partidas destinadas á criación, fomento e mantemento dos mesmos, dando conta de tal consignación á Consellería de Cultura e Deportes.
2. Os arquivos integrados no sistema de arquivos de Galicia deberán contar coas instalacións adecuadas aos fins reflectidos no artigo 2 tanto no que se refire a os depósitos de documentación, como á zona de traballo do persoal científico e técnico destinado nos mesmos, como ás zonas de uso público.

CAPÍTULO V **DO ACCESO AOS ARQUIVOS E DOCUMENTOS E DA DIFUSIÓN DO PATRIMONIO DOCUMENTAL DE GALICIA**

Artigo 30.

A Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia fomentará o coñecemento e difusión do patrimonio documental de Galicia.

Artigo 31.

1. Todas as persoas teñen dereito á consulta libre e gratuito dos arquivos e documentos constitutivos do patrimonio documental de Galicia e a obter información sobre o contido dos mesmos, de acordo coa lexislación vixente na materia e as disposicións que se establezan.
2. O acceso e difusión aos documentos farase dacendo co establecido no presente decreto e a lexislación aplicable.
3. A consulta pública dos documentos declarados históricos e dos custodiados en arquivos integrados no sistema de arquivos de Galicia non afectará aos demais dereitos inherentes á propiedade e difusión dos mesmos.

4. A Consellería de Cultura e Deportes, a través do Centro de Información de Arquivos de Galicia establecerá, en orde á difusión do patrimonio documental de Galicia, ouvida a Comisión Técnica de Arquivos de Galicia, os planos de edición de instrumentos de descripción e de fontes documentais conservadas nos arquivos integrados no sistema de arquivos de Galicia, sen prexuízo da colaboración exixible ás institucións de carácter público e ás persoas privadas.

Vid. Decreto 320/1992, do 12 de novembro, polo que se regulan os prezos públicos dos arquivos e museos xestionados pola Comunidade Autónoma e de titularidade autonómica (DOG nº 231, do 26 de novembro).

CAPÍTULO VI DAS INFRACCIONES EN MATERIA DE PATRIMONIO DOCUMENTAL DE GALICIA

Artigo 32.

Salvo que sexa constitutivo de delito, o incumprimento das obrigas sinaladas nos artigos 5, 11, 14, 23.2 e 25.3 do presente decreto, por parte das persoas físicas ou xurídicas propietarias, posuidoras ou custodias de documentos ou arquivos que formen parte do patrimonio documental de Galicia, constitúe infracción administrativa consonte coa lexislación vixente na materia, e serán sancionados de acordo coa mesma.

DISPOSICIONES ADICIONAIS

Primeira.

Unha vez asinado o convenio polo que se trasfere a xestión dos arquivos estatais radicados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, o Arquivo do Reino de Galicia se integrará no sistema de arquivos de Galicia.

Vid. o Real Decreto 1531/1989, do 15 de decembro (DOG nº 49, do 9 de marzo), de ampliación de medios adscritos a servizos do Estado traspasados en materia de cultura á Comunidade Autónoma Galega, que aprobou o Acordo da Comisión Mixta prevista na disposición transitoria cuarta do Estatuto de Autonomía para Galicia, e que traspasaba os servizos correspondentes á xestión das funcións e servizos en materia de Bibliotecas, Arquivos e Museus de titularidade estatal. Este acordo foi adoptado polo Pleno da devandita comisión na súa sesión do 16 de novembro de 1989, e transcríbese no anexo deste Real Decreto.

Segunda.

Os arquivos históricos provinciais de A Coruña (integrado no Arquivo do Reino de Galicia), Lugo, Ourense e Pontevedra, unha vez asinado o convenio ao que se refere o punto anterior, se integrarán igualmente no sistema de arquivos de Galicia e asumirán as funcións de arquivos históricos no seu ámbito territorial, de acordo co disposto no artigo 26.4 deste decreto.

DISPOSICIONES TRANSITORIAS

Primeira.

Os arquivos integrados no sistema de arquivos de Galicia que non reúnan as condicións establecidas neste decreto e nas disposicións que o complementen, en orde á conservación, seguranza, organización e acceso, terán un prazo máximo de 3 anos para cumplir as mesmas, desde o momento da entrada en vigor deste decreto.

Segunda.

As persoas e empresas dedicadas ao comercio de documentos e arquivos de carácter histórico que non cumpran o disposto no artigo 13 disporán dun prazo de 6 meses para regularizar a situación prevista no devandito artigo.

Terceira.

Mentres non se determine o procedimento para a selección dos documentos susceptíbeis de eliminación, a destrucción dos documentos custodiados nos arquivos aos que fai referencia o artigo 4º deberá ser autorizada pola Consellería de Cultura e Deportes, co previo informe da Comisión Técnica de Arquivos.

Cuarta.

A partir da entrada en vigor deste decreto, e nun prazo máximo de 3 meses, a Consellería de Cultura e Deportes procederá á constitución da Comisión Técnica de Arquivos.

DISPOSICIÓN FINAIS.

Primeira.

Autorízase á Consellería de Cultura e Deportes para ditar as normas necesarias para o desenvolvimento deste decreto.

Segunda.

O presente decreto entrará en vigor ao dia seguinte da sua publicación no «Diario Oficial de Galicia».

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Fica derogado o Decreto 414/1986, de 18 de decembro e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste decreto.